1. COMENTARIO DE TEXTO:

A pesca dos cataláns en Galicia, e a franqueza e o método con que a executan, é outro atranco considerable á riqueza da nación (…) A introdución dos cataláns en Galicia, a natureza das súas redes, e o método do seu comercio de sardiña foi o golpe lamentable, que fixo máis sensible os danos. (…)

O proferir que os galegos son ociosos, e de curto espírito, que se satisfán con moi pouco, que non entenden de salgaduras, e que non farían producir á pesca sen o auxilio dos cataláns todas as vantaxes que ofrece a súa natureza, é non coñecer o territorio, descorrer por inclinación propia e aínda desautorizar o ministerio (…).

Galicia non pode dar emprego en varios postos a moitos dos seus fillos ociosos e pobres, porque se lles entregan ós cataláns. Estes mesmos homes cos seus instrumentos impiden a ocupación doutros moitos porque non precisa dos seus brazos o uso da xávega. Unha parte do xuro que debía mellorar a dita do Reino, pásase á nación opositora. O galego cando puider facer a salgadura e o comercio por si mesmo, véndelle o xénero en frasco ao catalán que llo compra, contentándose só co ben que mira (…). O catalán que pesca en Galicia e subsiste arraigado en Cataluña élle un vasalo moi útil á Coroa; pero non equivale este beneficio dano que lle ocasiona ao galego.

Somoza de Monsoríu, F.: *Estorbos y remedios de la riqueza de Galicia*, 1775. Traducido do castelán

1. Ponlle título a este texto.
2. Sitúa cronoloxicamente este texto.
3. Busca información relativa ao autor e á súa importancia no período histórico estudado.
4. Comenta brevemente as principais ideas do texto.